

Prospección arqueolóxica da parroquia de Santa María de Aciveiro, Forcarei (Pontevedra)

EDUARDO-BREOGÁN NIETO MUÑIZ

Por encargo da Consellería de Medio Rural tramitouse un proxecto de concentración parcelaria, seguindo a Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria de Galicia, e a Lei 12/2001, do 10 de setembro, que a modifica. A consellería, como promotora dos traballos, encargoulle á empresa Proymasa a redacción do correspondente estudo de impacto ambiental (E.I.A.), de acordo coa Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. No artigo 4 desa lei inclúese, dentro dos elementos que hai que protexer, ademais do ambiente, a súa interrelación co patrimonio cultural, abarcando os elementos arquitectónicos e arqueolóxicos. Na mesma liña pronúnciase a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, no seu artigo 32, céntrase no risco de destrución ou deterioración do patrimonio cultural e no establecemento daquelas medidas protectoras e correctoras que se considere precisas para a súa salvagarda. Indícase no mesmo artigo, a obriga de informar á Consellería de Cultura dos plans, programas e proxectos que, pola súa incidencia sobre o territorio, poidan implicar risco de destrución ou deterioración do patrimonio cultural galego. Para tal fin, e poñendo en relación ambas as normativas, establécese que: «*na tramitación das avaliacións de impacto, o organismo competente solicitará informe á Consellería de Cultura e incluírá na declaración ambiental as consideracións e condicións resultantes do devandito informe*» (art. 32.3º). Para levar a cabo estes traballos máis específicos, deberanse someter ao regulamento do Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.

Neste contexto foinos encargado, por parte da enxeñería executora dos traballos, un informe arqueolóxico no que figuren todos os elementos arqueolóxicos e patrimoniais da parroquia, así como as súas áreas de protección. Con este fin foi redactado o correspondente proxecto de prospección arqueolóxica, cuxos resultados foron incorporados ao citado E.I.A.

O traballo tivo como obxectivo a localización e delimitación de xacementos e elementos patrimoniais en canto á súa protección. Deste xeito, a primeira proposta das obras para realizar, na que se indicará

o trazado da rede viaria de acceso ás novas parcelas, así como a delimitación destas, tivo en cota as zonas arqueolóxicas e as súas áreas de protección, tomando as medidas de cautela e protectoras precisas para afectar a estas ou reducir o impacto ao máximo.

A prospección consistiu no percorrido de toda a zona afectada pola concentración, cunha fase de gabinete para estudo e documentación previa da zona. Dividiuse o terreo en sectores para prospectar nunha xornada, para minimizar os custos de desprazamento, calculando unha extensión de entre 100 e 150 ha/día. Investíronse así 16 xornadas de traballo de campo, para cubrir as 2.099 ha de superficie total da parroquia.

Foron rexistrados un total de 23 elementos. Entre eles contamos 11 xacementos arqueolóxicos, máis 2 referencias a outros 2 posibles; 8 deles xa estaban inventariados —aínda que un foi corrixido ante evidentes erros de posición—, outro non estaba recollido no inventario —pero si no PXOM—, e foron localizados 3 novos. Tamén recolleemos 8 elementos etnográficos: 3 pontellas, 2 alvarizas, 1 muíño hidráulico e a referencia a 1 foxo do lobo, ademais de 1 marco de termo; estes dous últimos tamén foron incorporados ao Inventario de Bens Arqueolóxicos de Galicia. Pechando a



Castro de Filloi (xac.001)



Restos da Casa do Frade (xac.003)

listaxe están 2 elementos arquitectónicos con nome propio: a Ponte Vella de Andón, do s. XV, e o conxunto do cemiterio, igrexa e mosteiro de Santa María, do s. XII. Cómpre indicar tamén a ausencia de achados materiais na exploración superficial realizada.

A posición da parroquia de Aciveiro na cabeceira de tres grandes ríos (Deza, Lérez e Umia) sitúaa como lugar moi propicio para a presenza de túmulos megalíticos; de feito, ao S do concello de Forcarei existen grandes concentracións destes, nas dorsais principais das serras do Testeiro. Nas terras de Aciveiro, en cambio, xa nas lombas máis baixas da Serra do Candán, redúcense en número. Xa contabamos coas mámoas illadas dos Porqueiros (xac.002), do Carballo Torto (xac.006), do Mouro Negro (xac.005) e as tres que conforman a Eira dos Mouros (xac.007), moi próximas ás do Porto Fieiro –xa na parroquia de Dúas Igrexas–. Destas cumpriu unha corrección de coordenadas a do Mouro Negro, cun desvío considerable nas fichas de 1990, e localizamos unha nova no Coto que Berra (xac.004), sobre o Monte de Suapica.

Ademais desta marcamos outras dúas como posibles, en Pena Redonda (xac.008) e no Coto Tabeiro (xac.009); cuxa comprobación resultou complicada a causa da densísima toxeira que as cubría.

De época castrexa só conta a parroquia co castro de Filloi (xac.002), en cuxas ladeiras se estende a aldea do mesmo nome. Foi precisa unha corrección da súa situación

Nome	Ads. cultural	Cód. id.	Cód. patrimonio	Cód. P.X.O.M.
Castro de Filloi	Idade do Ferro	xac.001	GA36018008	008
Mámoa dos Porqueiros	Neolítico	xac.002		002
Casa e camiño do Frade	Medieval / Moderno	xac.003	Novo	
Mámoa do Coto que Berra ou de Suapica	Neolítico	xac.004	Novo	
Mámoa do Mouro Negro	Neolítico	xac.005	Corrección do GA36018024	024
Mámoa do Carballo Torto	Neolítico	xac.006	GA36018029	029
Eira dos Mouros	Neolítico	xac.007	GA36018034	034
Posible mámoa de Pena Redonda	Neolítico?	ref.008	Sospeita	
Posible mámoa de Coto Tabeiro	Neolítico?	ref.009	Sospeita	
Ermida de San Bieito	Medieval / Moderno	xac.010		018
Posible Neveiras da Serra das Penas	Medieval / Moderno	ref.011	Novo	
Rega das Neveiras	Medieval / Moderno	xac.012	GA36018048	052
Suaneveira	Medieval / Moderno	xac.013	GA36018049	049
Ponte Vella de Andón		ear.014		
Pontella e pasal de Andón		eet.015		
Alvariza de Masgalán		eet.016		
Muíño e pontellas da Rochela		eet.017		
Alvariza da Rochela		eet.018		
Pontella da Rochela		eet.019		
Marco do Aguillón		eet.020	Novo	
Regueiro do Foxo		top.021		
Pontella de Masgalán		eet.022		
Mosteiro, igrexa e cemiterio de Santa María		ear.023		031

respecto da cartografía do P.X.O.M., comprobando que onde este o sitúa non hai ningún resto arqueolóxico.

Principalmente, a historia medieval e moderna de Aciveiro veu marcada pola presenza do mosteiro de Santa María. Relacionadas con el construíronse as «neveiras», circulares, soterradas e abovedadas para a produción de xeo a partir de neve, tanto para autoconsumo como para a venda. Paradoxalmente, os dous exemplos coñecidos ata o de agora, Suaneveira (xac.013) e Rega das Neveiras (xac.012), foron destruídas por estradas ou soterradas baixo pastadeiros. Puidese ser que tivéssemos atopado outras na Serra das Penas, aínda que se deben manter todas as reservas posibles, de aí que as marcamos tan só como referencia (ref.011).

Relacionada coa vida monástica está tamén a ermida de San Bieito (xac.010), un antigo eremitorio situado nunha pequena terraza próxima aos 1.000 m de altitude, rozando os cumes máis altos da Serra do Candán, ao abeiro dunha gran rocha. Consérvanse tan só a base dos muros de cachotería, definindo unha planta cadrada 7 x 7 m, con entrada por poñente.

Nunha localización totalmente diferente, no fondo da encaixada cabeceira do regato dos Buratos, no lugar chamado Rega da Casa do Frade, atopamos uns restos de natureza semellantes (xac.003). Contan as lendas locais que alí vivía antigamente un frade do mosteiro, que ía todos os días cunha burra a oír misa a Aciveiro. O camiño que empregaba aínda se conserva, enlazando co chamado «camiño real» que vai ata Aciveiro precisamente. Os restos, aínda que de complicado acceso pola densa vexetación de ribeira, existen; trátase



Mámoa do Coto que Berra (xac.004)

dunha pequena construción de muros de cachotería e planta cuadrangular, de non máis de 10 m de lado.

A presenza destes vellos eremitorios encádrannos cronoloxicamente en tempos do monacato primitivo galego da Alta Idade Media. Terían sido despois absorbidos ao mesmo tempo que a reforma do Císter, encabezada en Aciveiro pola fundación –ou reforma– do mosteiro de Santa María en 1135. A tradición local sitúa as orixes da ermida de San Bieito, de advocación máis que significativa, máis aló da fundación do mosteiro. Estes costumes eremíticos primitivos consérvanse aínda en antigas abadías bieitas como Silos ou Monserrat, ou no culto oriental grego. □